

HORA PRIMEIRA

Formando parte da nova entrega da colección Tambo, *Depósito natural* (1995-2000) supón o encontro do lector con varios poemas de Xosé María Álvarez Cáccamo que foran vendo a luz en publicacións periódicas e volumes colectivos ou xurdiran para homenaxear ós amigos. Así, nesta obra “*a hora primeira da palabra*” -ese verbo potente e lúcido que caracteriza desde sempre ó autor- faise verso, logo poema e, finalmente, libro para facernos partícipes do momento exacto en que o eu poético quere “*regresar/ a un instante imposible no cimo das montañas/ en que eu vivía contemplado por min mesmo*”. Ó momento da primeira luz e da memoria máis fonda que se nos lega nesta colectánea.

Tempos Novos, 64, setembro 2002, p.72.